

VIERNES, 24 de junio de 2011

EPISODIOS GALEGOS | LUCES

Este non é país para moz@s

MANUEL RIVAS | 24 JUN 2011

Que é o "choque tanático"? A vida, ben o sabemos, é un cuadrilátero onde se baten Eros e Tánatos, a pulsión do desexo e a destrutiva. O choque ou traumatismo tanático é cando a criatura humana "sabe que o mundo para ela esvaecerá coma se ren tivese acontecido". Anoto a definición, tan preñada de significados, do que no meu parecer é o mellor texto de Domingo García Sabell: Paseata arredor da morte. Pensei nese intre de "choque tanático" cando me preguntaron esta semana pasada, fóra de Galiza, e en dous lugares moi diferentes, cal era a situación do galego. Está ben que a un lle pregunten fóra porque semella que dentro, no propio país, xa deixamos de facernos a pregunta. Esta e outras preguntas. "Este non é país para moz@s", dicía unha pancarta dos Indignados na Coruña. Nin para termar da súa lingua.

Encol da conexión entre a vida das palabras e o medio ambiente, recomendo un ensaio ben recente que nos osixena e reanima neste tempo de "choque tanático". A Ecolingüística de Teresa Moure, en edición do servizo de publicacións da Universidade da Coruña, co subtítulo Entre a ciencia e a ética. O colofón, A linguaxe cambia o mundo, é de levantar a paleta. Por exemplo, alí por onde se di: "É difícil saír das nosas prisións cando non as vemos mais, desde o momento en que se revelan como tales muros, xa non podemos pensar noutra cousa senón en escaparnos".

Así que penso nas dúas cousas, no "choque tanático" e no xeito de como escaparnos del, mentres escoito a cuestión abraiante: En que situación está o idioma galego? Está a esvaecerse o mundo para a lingua galega coma se ren tivese acontecido? Se hai uns anos comparáramos as esperanzas de futuro dos idiomas éuscaro e galego, ninguén dubidaría en afirmar que o de Galicia estaría máis garantido. Polo uso e espallamento na poboación. E sen embargo, hoxe en día, estamos ante tendencias ben diferentes.

A pasada semana presentouse no museo de San Telmo, en Donosti, o informe sobre a evolución lingüística nos últimos anos no País Vasco. Máis en concreto, dende a aprobación no Parlamento autónomo do Plan Xeral de Promoción do Uso do Euskera, hai unha ducia de anos, en decembro de 1999. A presentación da avaliación coincidiu co lanzamento de produtos de software informático dispoñíbeis en lingua vasca, na convocatoria Berrikuntza Euskaraz (Innovación en Éuscaro).

O uso do éuscaro, segundo o informe de avaliación, ten unha tendencia ascendente en case todos os ámbitos e sectores sociais, con diversas intensidades e ritmos. O máis significativo: o maior crecemento do uso habitual do éuscaro dáse na poboación infantil, onde hoxe se achega ao 30% (do 21%, en 1997, ao 26%, en 2006). A porcentaxe da mocidade que escolle o éuscaro para a proba de acceso á Universidade pasou nese período do 25% a un 60%. Duplicouse o uso e presenza do éuscaro nas novas tecnoloxías. Duplicouse tamén nunha década o número de libros publicados.

A única franxa da poboación onde non medrou o uso do éuscaro foi na terceira idade. Onde si aumentou, foi entre a poboación adulta. Segundo subliña El Diario Vasco, que non

se sitúa no ámbito nacionalista: "El 44,2% de los bilingües tienen el castellano como primera lengua; es decir, se pueden considerar neo-vascohablantes. En 1996, ese porcentaje era 14 puntos menor". Este é un dato moi significativo: son moitas as persoas castelán falantes que se preocuparon por aprender e utilizar o éuscaro. En 10 anos, o éuscaro incrementouse en 130.000 falantes. Noticias de Gipuzkoa subliña este aspecto: "Hoy por hoy, un tercio de los menores de 30 años es bilingüe y 25.000 trabajadores estudian euskera con ayudas públicas". Cito estas dúas fontes porque non se sitúan no ámbito nacionalista. A cobertura e a obxectividade con que foi tratado o informe de avaliación por todos os medios de comunicación, na pluralidade do quiosco vasco, o que pon de relevo é que a promoción e o futuro do éuscaro é un interese común, mesmo asumido por sectores antes indiferentes ou contrarios.

Hoxe, como é sabido, gobernan en Euskadi os socialistas co apoio parlamentario dos populares. Cómpre sinalar que o informe do que falamos foi presentado pola conselleira de Cultura do Goberno vasco, Blanca Urgell, e pola viceconselleira de Política Lingüística, Lurdes Auzmendi.

Despois de tantos anos marcados pola violencia e o uso do crime para fins políticos, Euskadi vive hoxe un clima de esperanza, aínda que sexa unha esperanza inquieta, á espreita de que a paz non teña volta atrás nin estea condicionada. Malia esa gravísima distorsión, a maioría da sociedade vasca ten demostrado a súa fortaleza democrática e tamén a súa capacidade para anovarse no eido económico e garantir un certo benestar social. Tamén unha maior protección no medio natural.

Non sempre as noticias teñen de ser malas noticias. Un xeito de avanzar nun mundo mellor é dar conta dos froitos da humanidade, contra tanto fabricante de odio. Para min é unha boa noticia que o éuscaro se afaste da liña de extinción e que medre o seu uso pola forza do agarimo e a sensibilidade da xente que se dedicou a construír e non a destruír, en especial no eido da ensinanza. E tamén dos que levaron ou levan con responsabilidade e honestidade o leme das institucións, con sentido do ben público.

Estamos ante dúas realidades moi diferentes, Galiza e Euskadi, e sería absurdo trazar un paralelismo. Si que hai espazos onde se cruzan as vidas. No século XX, Galicia deu emigrantes e unha parte encontrou traballo e fogar en Euskadi. Quen máis sabe desa estirpe, quen mellor a coñece a máis a estudou, é Xosé Estévez, historiador e profesor agora xubilado na Universidade pública vasca. É el, camiño de Oiartzun, onde vive coa súa dona, Maribel Goñi, quen me vai describindo os lugares que en toda a xeografía vasca teñen unha homenaxe a Castelao, a comezar pola asociación que leva o seu nome no barrio donostiarra de Trintxerpe. Unha asociación cultural, integrada por xente moza, onde se fala por igual o galego e o éuscaro.

Todo é interesante e conmovedor no relato de Xosé Estévez. Pero o agasallo que máis me conmove é un libro que me deixa nas mans cando a despedida. é un libro que se titula Non me afago sen ela. Está dedicado á súa filla, Alda Naiara, nada e falecida en Euskadi. Un libro feito para o seu quinto cabodano, que será o 27 de xullo, e no que aparecen poemas de amigos e amigas, en galego, castelán, éuscaro e catalán (O Canço de bressol, a Cantiga de berce, de Joan Margarit, dedicada á súa filla Joana).

Din que nunha pinga de auga está en potencia a vida toda. Hai un poema de Xosé titulado Mañanciña de San Xoán e que remata así: "Pinga de orballo, / Silenzo da Alda querida, / Que adoza a tristura soñada / Se mo pediras / Morrería pra dar vida..."

Grazas, Xosé. Xa sei como é a esperanza. Unha pinga de orballo!